



NARÓN

Datos Do Expediente:

PROCEDEMENTO NEGOCIADO	
Unidade Tramitadora:	
Contratacion e Obras Publicas – IMG	
Número expediente:	Documento:
CON/59/2014	CONYI0S0
023Y25396D0P6R1W0E9F	

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DE PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN RELATIVA Ao EXPEDIENTE DA LICITACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO: "ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL 0-3 ANOS EN XUVIA"

Presidente. D. José M. Blanco Suárez, Alcalde-Presidente da Corporación.

Vogais:

D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli, Secretario Xeral.

D. Manuel G. AntónVillamil , Interventor de Fondos Accidental

Dna. Yolanda Martínez García, Xefa do Servizo Sociocomunitario

Secretario, con voz pero sen voto, D. Ignacio Mazaira Garro, Xefe Sección Contratación.

En Narón, sendo as 10 horas do día 22 de outubro de 2014 , constituíuse a Mesa de Contratación, composta na forma precedentemente sinalada, para proceder á lectura do informe emitido polos técnicos municipais, en relación co expediente do contrato de servizo de referencia.

O día 17 do presente mes, a Mesa de contratación reuniuse cos licitadores co gallo de negociar distintos aspectos dos criterios establecidos no prego de condicións administrativas particulares que rexen esta contratación, modificando as súas ofertas iniciais do seguinte xeito:

Eulen S.A.,

- Compromiso de inicio das actividades nun prazo de 48 horas, sempre que os trámites correspondentes ao Concello estean realizados e a Xunta de Galicia non demore a autorización.
- Prestación do servizo complementario de subministro de merendas.

Aurora, Pilar e Ana S.L.

- Compromiso de iniciar a actividade nun prazo de 24 horas.



- Ampliación en media hora o horario de apertura

Nos outros aspectos manteñen a oferta inicial, limitándose a concretar aspectos da mesma

Finalmente emitíuse informe técnico o 21 dos correntes, subscrito por Dna. Yolanda Martínez García, do que resulta que a oferta máis vantaxosa de acordo cos criterios do Prego de condicións particulares, é a presentada pola entidade mercantil EULEN Servizos Sociosanitarios S.A. con C.I.F. A79022299, polo prezo de 89.242,00 euros IVE exento, propoñéndose a adxudicación de acordo coa seguinte orde:

1º.- Á empresa EULEN Servizos Sociosanitarios con C.I.F . A79022299, polo prezo 89.242,00 euros.

2º.- Á empresa Aurora, Pilar e Ana S.L. con C.I.F. B15922230, polo prezo 89.190,00 euros.

De conformidade co establecido no artigo 151 do TRLCSP , o órgano de contratación requirirá ao licitador que presentase a oferta economicamente máis vantaxosa para que, dentro do prazo de dez días hábiles a contar desde o seguinte a aquel no que recibise o requirimento, presente a documentación xustificativa de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social ou autorice ao órgano de contratación para obter de forma directa esta acreditación, de dispoñer efectivamente dos medios que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato conforme ao artigo 64.2, e de constituír a garantía definitiva que sexa procedente.

Non tendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás dez horas corenta e cinco minutos, asinando comigo o Sr. Presidente, da que como secretario dou fe.